

ACTA NÚMERO 6/2017
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
DO DIA 28 de setembro de 2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día vinte e oito de setembro de dous mil dezasete, réunese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D. José Manuel Cancela Cancela

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D^a Manuela González González

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

Non asisten xustificando a súa ausencia:

D^a. Maria Costa Calviño

D^a M^a Pilar García Pereiro

ORDE DO DIA

- 1- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE A SESION ORDINARIA E EXTRAORDINARIA ANTERIORES LEVADAS A CABO O DIA 27.07.2017.-
- 2- DACION CONTA DE DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESION ORDINARIA.-
- 3- RATIFICACION DO CONVENIO DE COOPERACION ENTRE A CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A REALIZACION DE OBRAS DE INFRAESTRUTURA RURAL.-
- 4- RATIFICACION DO CONVENIO DE COLABORACION CON LA FUNDACION DE ESTUDIOS Y ANALISIS PARA EL DESARROLLO DE UN PROGRAMA DE PRACTICAS NO LABORALES.-
- 5- RATIFICACION CONVENIO DE COLABORACION ENTRE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PUBLICAS E XUSTIZA E ESTE CONCELLO PARA A EXECUCION DO PROXEC: COLECTOR XERAL SANEAMENTO A TAÑE
- 6- REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARACTER PERSOAL DO CONCELLO DE TORDOIA. ACTUALIZACIÓN.-
- 7- CALENDARIO LABORAL ANO 2018.-
- 8- PRESTAMO DEPUTACION (POS+2017) REFINANCIACION DEUDA. MODIFICACION CREDITO SCO1/2017.-
- 9- CONTA XERAL 2016.-
- 10- MODIFICACION DE REXIME DE DEDICACIONS APROBADO EN SESION 10 DE XULLO DE 2015.-

- 11- RATIFICACION DA SUBVENCION SOLICITADA AO ABEIRO DO REAL DECRETO 616/2017,'IDAE'.-
- 12- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-
- 13- MOCIONS.-
- 14- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE A SESION ORDINARIA E EXTRAORDINARIA ANTERIORES LEVADAS A CABO O DIA 27.07.2017.-

Aberta a sesión polo señor alcalde preguntalle aos señores concelleiros se desexan formular algunha observación ás actas da sesión ordinaria e extraordinaria celebrada o 27.07.2017.

Interven o señor concelleiro do PSdeG-PSOE Carlos García, reiterando a súa queixa polo envío das actas a outra dirección de correo, solicita que se corrixa.

E sobre a inclusión do informe xurídico na acta, solicita que se suprime xa que non se dou lectura íntegra, solo se leron uns párrafos.

Sométese a votación quedando aprobada a acta por todos os concelleiros asistentes, coas rectificacións mencionadas.

2.- DACION CONTA DE DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESION ORDINARIA.-

Pola Presidencia dase lectura dos Decretos e Resolucións da Alcaldía que van dende o 26/07/2017 comenzando co número 131/2017 ata o día 26/09/2017 terminando no número 185/2017, e dos que os concelleiros teñen copias.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

3.- RATIFICACION DO CONVENIO DE COOPERACION ENTRE A CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A REALIZACION DE OBRAS DE INFRAESTRUTURA RURAL (PIR 2017).-

O señor alcalde da conta do CONVENIO DE COOPERACION ENTRE A CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A REALIZACION DE OBRAS DE INFRAESTRUTURA RURAL(PIR 2017), propoñendo a ratificación do mesmo, que literalmente dí como sigue:

“CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE INFRAESTRUTURA RURAL.

Santiago de Compostela, 18 xullo 2017.

REUNIDOS

Dunha parte, A.A.A., actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, na súa calidade de director xeral de Desenvolvemento Rural, e ao abeiro da Orde de delegación de 17 de novembro de 2015 (DOG nº 223 do 23 de novembro de 2015).

Doutra parte, Antonio Pereiro Liñares acutando en nome e representación do Concello de Tordoia na súa calidade de Alcalde-Presidente, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio e para o efecto

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- A Consellería do Medio Rural, en virtude do Decreto 166/2015, de 13 de novembro, é o órgano da Administración galega encargada de propor e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural.

En exercicio das súas competencias responsabilízase de accións que teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural.

SEGUNDO.- O concello de Tordoia presenta unha deficiente dotación de infraestruturas rurais no seu ámbito territorial, producíndose carencias importantes que frean o seu desenvolvemento rural.

TERCEIRO.- A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, vén de determinar as actuacións a realizar en distintos concellos de Galicia que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos, entre os que se sinalan:

- Contemplará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuír a fixar poboación.
- Poderanse incluír obras de infraestruturas de servizos básicos, elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta Consellería.

CUARTO.- Ambas as dúas partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar na consecución deses intereses comúns de apoio ao medio rural galego.

O concello de Tordoia considera necesaria a execución da seguinte obra de infraestrutura rural, “Camiño Abeleiras-Burgan (Gorgullos) e outro”, con destino ao uso ou servizo público, sen que poda acometer a súa execución por razóns orzamentarias. A Consellería do Medio Rural, en uso das súas competencias, coincide co Concello no uso público do obra.

Xa que logo, ambas as dúas partes, ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras titularidade das mesmas, recoñecéndose capacidade para formularen o presente ACORDO DE COOPERACIÓN, conveñen na súa formulación, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-

É obxecto do presente Acordo a execución por parte da Consellería do Medio Rural da obra sinalada no anterior apartado 4, titularidade do concello de Tordoia, e destinada ao uso público, conforme ao proxecto establecido.

Segunda.-

A Consellería do Medio Rural asume a realización das obras sinaladas con cargo aos seus orzamentos, correspondéndolle en exclusiva a súa licitación ou encargo, tramitación e dirección.

O importe máximo que se destinará ás obras obxecto do presente convenio é de **60.440,46€**.

A diferenza ente o importe anterior e o que resulte do proceso de adxudicación quedará a disposición da Consellería do Medio Rural, sen prexuízo das modificacións que foran necesarias que en ningún caso poderá superar o importe máximo sinalado no parágrafo anterior. O financiamento destas obras será con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.551A.604.1, coa seguinte distribución de anualidades:

-2017: 60.440,46€

Terceira.-

As obras obxecto de convenio son financiadas con fondos propios.

Cuarta.-

O concello de Tordoia en relación coa obra obxecto deste Acordo, asume as seguintes obrigas, segundo acordo da Xunta de Goberno Local con data 30/05/2017:

- A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo a/s obra/s.
- A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.
- Asumir - unha vez recepcionada/s a/s obra/s provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma- a explotación, mantemento e conservación da/s mesma/s.
- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para esta acto.
- Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no proxecto, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes.
- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito concello.

Quinta.-

O Concello, antes da adxudicación definitiva da obra, deberá acreditar, nos termos sinalado, a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

Sexta.-

Unha vez recepcionadas as obras pola Consellería, esta deberá poñelo en coñecemento do Concello, determinando esta comunicación o nacemento das obrigas de explotación, mantemento e conservación por parte do Concello, sen prexuízo da formalización da correspondente acta de entrega.

Sétima.-

Para velar polo cumprimento do presente convenio poderá constitírase unha Comisión de Seguimento formada polo director xeral de Desenvolvemento Rural como representane da Consellería de Medio Rural e o alcalde ou alcaldesa como representante do Concello, ou persoas nas que deleguen.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

Oitava.-

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao Concello e a formalización da acta de entrega, segundo o establecido na cláusula quinta.

O anterior entenderase sen prexuízo de que o gasto que comporta para a Consellería se circunscriba aos exercicios orzamentarios reflectidos na cláusula segunda.

Novena.-

Serán causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- A denuncia de calquera das partes, debendo, se é o caso, ser indemnizados os compromisos económicos orixinados até o momento da denuncia, á parte contraria.
- O incumprimento das cláusulas do Convenio e/ou as imposibilidades do seu desenvolvemento.
- O mutuo acordo das partes.

Décima.-

As modificacións formalizaranse mediante “addenda” cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do Convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula segunda do convenio.

Décimoprimeira.-

O convenio esta suxeito, en canto a súa publicidade, a Lei 1/2016 do 16 de xaneiro , Lei de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, e ao Decreto 126/2006 do 20 xullo polo que se regula o rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimosegunda.-

Este Convenio ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público, pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local de Galicia, polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público e demais lexislación sobre a materia obxecto do mesmo, e no seu defecto polo texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 e demais normas de Dereito administrativo e en defecto dese último polas normas de Dereito privado, sendo competente para entender non litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso Administrativa.

Décimoterceira.-

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento poa que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no

Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, o obrigado con iso ás Administracións que representan, asinan por duplicado exemplar o presente Convenio, no lugar e data sinalada no seu encabezamento.

Sométese a votación e votan a favor todos os concelleiros que asisten ao pleno.

4.- RATIFICACION DO CONVENIO DE COLABORACION CON LA FUNDACION DE ESTUDIOS Y ANALISIS PARA EL DESARROLLO DE UN PROGRAMA DE PRACTICAS NO LABORALES.-

Polo señor alcalde dáse conta do convenio de colaboración con la Fundación de Estudios y Análisis para el Desarrollo de un programa de prácticas no laborales, e PROPÓN a ratificación deste convenio que literalmente dí como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN CON LA FUNDACIÓN DE ESTUDIOS Y ANÁLISIS PARA EL DESARROLLO DE UN PROGRAMA DE PRÁCTICAS NO LABORALES.

En Santiago de Compostela a 08 de setembro de 2017.

REUNIDOS

DE UNA PARTE: Don B.B.B. con DNI: XXXXXXXXXXXX como Presidente de “FUNDACIÓN DE ESTUDIOS Y ANÁLISIS” (en adelante FESAN), con domicilio social en Santiago, calle Amio, Parque Empresarial Costa Vella y C.I.F. Núm. G 15597669.

DE LA OTRA: Don Antonio Pereiro Liñares con DNI:XXXXXXXXX-X en nombre y representación de CONCELLO DE TORDOIA sita en Rúa Xesteira, Pontepedra, Cabaleiros, Tordoia como entidad colaboradora.

MANIFIESTAN

PRIMEIRO.- Que se reconocen recíprocamente capacidad y legitimación para la negociación y firma del presente documento.

SEGUNDA.- Que FESAN como responsable de la impartición del curso MONITOR/A DE TIEMPO LIBRE entiende que para el mejor desarrollo y preparación de los alumnos/as de dicho curso estos deben acceder al conocimiento de la realidad laboral.

ACUERDAN

Suscribir el presente convenio de colaboración para la realización de prácticas no laborales en la empresa anteriormente citada.

Por esto se firma el presente convenio de acuerdo con las siguientes:

CLÁUSULAS

PRIMERA.- El presente Convenio de Colaboración se establece para facilitar la presencia de los alumnos de dicho curso en la empresa anteriormente citada.

SEGUNDA.- La estancia y actividad que desarrollen los alumnos no supondrá, en ningún caso, la relación laboral, profesional o de servicio de la empresa anteriormente citada. Siendo FESAN la que acuerda la colaboración dicha entidad. Por consiguiente, el alumno/a no podrá incurrir en responsabilidad profesional como consecuencia de la actividad prevista en este Convenio.

TERCERA.- La tutorización de las prácticas de los alumnos/as por parte de la entidad CONCELLO DE TORDOIA la ejercerá Mónica Rodríguez Palacio y por parte de FESAN, el equipo docente.

CUARTA.- El periodo de prácticas tendrá una duración máxima de 120 horas.

QUINTA.- A la finalización del período de prácticas expedirá un certificado al alumno/a acreditativo de las prácticas efectuadas. (Se envía modelo de certificado).

SEXTA.- El alumno/a no percibirá cantidad alguna en concepto de retribución por las prácticas que pueda realizar.

SEPTIMA.- FESAN contratará un Seguro de Accidentes con el fin de garantizar cualquier eventualidad que pudiera producirse durante su estancia, traslado o desplazamiento del alumno, ocurrido durante el período de prácticas que pueda realizar. La entidad citada anteriormente será la encargada de incluir en su Seguro de Responsabilidad Civil al alumno.

OCTAVA.- El presente Convenio podrá rescindirse por cualquiera de las partes en el momento que consideren oportuno, sin otro requisito que comunicarlo a la otra parte con un plazo mínimo de 15 días de antelación.

NOVENA.- FESAN proporciona a la empresa anteriormente citada, la relación de alumnos que realizarán las prácticas en dicho centro:

APELLIDOS Y NOMBRE: D.N.I

C.C.C. XXXXXXXXXXXXXXX

Alumna/o do curso de MTL de SANTIAGO ED.46

HORARIO

Desde el 11 al 29 de septiembre en horario de 07:30 á 15:00 horas

POR FESAN: POR CONCELLO DE TORDOIA

B.B.B. Antonio Pereiro Liñares''

Sométese a votación e votan a favor 7 PP; 2 PSdeG-PSOE, polo queda ratificado dito convenio.

5.- RATIFICACION CONVENIO DE COLABORACION ENTRE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PUBLICAS E XUSTIZA E ESTE CONCELLO PARA A EXECUCION DO PROXEC:COLECTOR XERAL SANEAMENTO A TAÑE

PROPOSTA ALCALDIA

En Xunta de Goberno Local do 06/07/2017 acórdase participar no Convenio de creación mellora e ampliación de Servizos básicos locais e aprobar o anteproxecto “acondicionamento das rutas de sendeirismo PR-G e PR-G 89 por un importe de 19.993,57€. Rutas de Sendeirismo.”

Recibido escrito o 07.08.2017 indicando a forma de tramitación do convenio para a execución dun proxecto cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizo municipais de interese público, social, económico ou humanitario.

Na Xunta de Goberno Local que tivo lugar o 10.08.2017 a vista do requirimento recibido o 07.08.2017 por unanimidade dos asistentes acórdase elaborar outro proxecto “Colector xeral de saneamento a Tañe”.

O señor alcalde da conta do convenio de colaboración entre Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e este Concello para a execución do proxecto: COLECTOR XERAL SANEAMENTO A TAÑE, propón a aprobación e ratificación deste convenio que literalmente dí como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO COLECTOR XERAL DE SANEAMENTO A TAÑE

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, Antonio Pereiro Liñares, alcalde do Concello de Tordoia, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto.

EXPOÑEN

Primeiro. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Segundo. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA,

figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscrición de convenios.

Nesto mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade de competencia.

Terceiro. O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, atribuíndolle, entre outras as competencias en materia de asistencia á Administración local.

Á súa vez, o artigo 20 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de Administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Cuarto. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciaando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

Quinto. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regulou, por medio da Orde do 30 de decembro de 2016, a concesión de axudas económicas aos concello de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2010 (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro), modificada para ampliar a súa dotación económica pola Orde do 12 de xuño de 2017 (DOG núm. 115, do 19 de xuño).

Mediante a devandita orde a Xunta de Galicia materializou a súa vontade de colaborar cos concellos na implantación e mellora dos servizos básicos demandados pola poboación rural. A convocatoria, instrución e resolución do procedemento iniciado pola antedita orde, finalizará coa concesión de axudas a todos os concellos solicitantes que cumpran os requisitos esixidos polas bases reguladoras e acaden a puntuación mínima determinada pola Comisión designada para a volaración dos proxectos, ata o esgotamento do crédito destinado ao financiamento da convocatoria.

Logo da tramitación desta convocatoria, no concepto orzamentario que a financia, e dentro do código do proxecto 2017 00054 *Proxecto de desenvolvemento dos entes locais* existe un saldo de crédito, financiado exclusivamente con fondos propios da Comunidade Autónoma, que se considera axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia na mellora na calidade da prestación dos servizos municipais.

Sexto. Para dar cumprimento ao disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regulou por medio da convocatoria en réxime de concorrencia competitiva indicada no punto quinto da parte expositiva deste convenio a concesión de axudas económicas ás entidades locais de Galicia, e incrementou a súa dotación orzamentaria para concederlles subvencións a todas as entidades que a solicitaron e que acadaron a puntuación mínima fixada nas bases reguladoras para acceder ás axudas, fixada en 21 puntos polo artigo 10 *in fine* da orde.

Cúmprese deste xeito os principios de concorrencia, transparencia, publicidade, obxectividade, igualdade e non discriminación recollidos no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e pode aplicarse eficazmente o crédito dispoñible a colaborar coas entidades locais na execución de actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais.

Sétimo. Os proxectos de investimento para a creación ou mellora de infraestruturas en cuxa realización se pretende colaborar resultan de interese para a Xunta de Galicia polo que supoñen de potenciación e apoio ao desenvolvemento territorial equilibrado para a mellora da calidade de vida da veciñanza mediante a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima á cidadanía.

O obxectivo común é conseguir ou recuperar un óptimo nivel de funcionamento das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

Por esta razón, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, pretende colaborar coas entidades locais apoiando aquelas actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais naqueles concellos máis defavorecidos, considerando como tales aqueles que, polas súas condicións xeográficas e demográficas, adoitan ter maiores dificultades de financiamento e mantemento das infraestruturas vinculadas á prestación dos seus servizos municipais e que, asemade, amosaron o seu interese para obter unha axuda destinada á execución deste tipo de proxectos mediante a presentación dunha solicitude ao abeiro da convocatoria en concorrencia competitiva, destinada á creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, anteriormente sinalada, pero non puideron acceder a ela ben por non cumpriren os requisitos ou por non ter acadado os 21 puntos mínimos que as bases reguladoras esixían.

A Xunta de Galicia presta así un apoio especialmente necesario neste caso, considerando as particulares circunstancias destes concellos, que veñen incidir nun contexto orzamentario restritivo e necesariamente estable do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades para afrontar en solitario os compromisos económicos que o obxecto destas subvencións representa para as facendas municipais, que precisan da creación ou mellora das infraestruturas para a adecuada prestación dos servizos municipais.

Oitavo. O Concello de Tordoia expuxo a necesidade de acometer o proxecto denominado Colector xeral de saneamento a Tañe que ten como obxecto a ampliación da rede de saneamento ata a zona de Tañe e a súa posterior conexión á rede xeral da capitalidade do concello.

Esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos como Administración máis próxima á cidadanía, para a mellora da calidade de vida da veciñanza.

A Xunta de Galicia presta así un apoio especialmente necesario neste caso, considerando as particulares circunstancias do Concello de Tordoia.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias en infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do concello de Tordoia.

Noveno. Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Tordoia, co fin de que o concello poida mellorar as infraestruturas vinculadas á prestación dos servizos municipais e, xa que logo, contribuír a un óptimo funcionamento das funcións que ten encomendadas e dos servizos que se prestan á veciñanza.

Décimo. O Concello de Tordoia cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro. A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.2 (CP 2017 00054 Proxecto de desenvolvemento dos entes locais) e poderá acadar ata o total do custo do proxecto subvencionado.

Décimo segundo. En base a todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Tordoia acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Tordoia para a execución do proxecto denominado Colector xeral de saneamento a Tañe, cun orzamento total de 19.985,13€ (IVE incluído), segundo a memoria valorada polo enxeñeiro de camiños J.C.R.M., cuxo orzamento se xunta como anexo y a este convenio e do cal forma parte.

Segunda. Obrigas do concello.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Tordoia:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.

3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no praza e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.

4. Tramitar o expediente de contratación da obra conforme á normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, á que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.

O concello beneficiario estará ao disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e nos artigos 9.c) e 10.e) do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

5. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:

a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.

b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula oitav deste convenio.

c. Reintegrarse exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia.

f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso do incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento.

7. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

8. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do

29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9. Presta a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

1. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de DEZANOVE MIL NOVECIENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (19.985,13€) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.2 (CP 2017 00054 Proxecto de desenvolvemento dos entes locais) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017. Este importe representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

Cuarta. Gastos subvencionables

1. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello como consecuencia da realización de actuacións acordadas co obxecto do convenio, incluso aqueles que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

2. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local, con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na cláusula sexta.

Quinta. Publicidade dos convenios subvencionados

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade do financiamento do proxecto pola Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial. As medidas de publicidade consistirán na colocación de cartel publicitario e da placa explicativa permanente:

1. O cartel publicitario estará colocado durante a execución do proxecto, no modelo que se incorpora no anexo II a este convenio, en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia. Se o proxecto comprende varias actuacións, a obriga de publicidade entenderase referida a cada unha delas.

2. Colocarase unha placa explicativa permanente en todos os lugares en que se desenvolvan as actuacións, de acordo co modelo que se incorpora como anexo II a este convenio, en que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia.

Sexta. Conta xustificativa

Para percibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Tordoia deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para o cal foi concedida.

b) Certificación expedida polo secretario/a do concello, co vist e prace do señor alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.

2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, certificacións de obra, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñemento da obriga polo órgano competente.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Declaración complementaria referida á obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio.

e) Declaración reponsable asinada polo representante da entidade beneficiaria en que se faga constar que a entidade beneficiaria non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que as entidades locais beneficiarias se atopan ao corrente das súas obrigas tributaria se fronte á Seguridade Social, que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non son debedoras por resolución de procedemento de reintegro.

f) Nos supostos do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, copia compulsada da resolución de adxudicación da obra onde quede acreditado o cumprimento do establecido no referido artigo e no 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

g) No suposto de obras realizadas por administración pola entidade local beneficiaria, achegarase a seguinte documentación adicional:

- A certificación do apartado b) conterá ademais unha relación dos gastos efectuados con medios ou recursos propios, ordenada segundo o concepto a que se atribúe.

- Unha certificación emitida polo/a secretario/a ou interventor/a de que os gastos relacionados foron aplicados ao cumprimento do proxecto subvencionado.

h) En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio deberán achegar ademais:

1. Fotografías do lugar ou lugares onde se teñan efectuado as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización. A presentación das fotografías farase de xeito que permita identificar os lugares e o momento da execución a que correspondan.

2. Fotografías do cartel ou carteis das actuacións, nos que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia, segundo o modelo que se incorpora no anexo II deste convenio e de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

3. Fotografías da placa ou placas explicativas permanentes segundo o modelo que se incorpora no anexo II deste convenio, coa publicidade sobre o financiamento das actuacións, colocada nun lugar visible no lugar das actuacións, que deberá permanecer durante, cando menos, cinco anos.

Á vista desta documentación, a Dirección Xeral de Administración Local, que será o órgano tramitador desta subvención, expedirá certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario, dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 15 de novembro de 2017.

Sétima. Subcontratación parcial ou total

1. Para a execución do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio o Concello de Tordoia poderá subcontratar parcial ou totalmente a actividade ou investimento subvencionado, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao sue contido.

2. En todo caso, o concello beneficiario deberá observar o establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava. Efectividade dos pagamentos

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalente, mediante xustificante orixinal de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada, incorporados na relación indicada na cláusula sexta, alínea b).2, no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.

Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.

3. O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificada e selada pola entidade bancaria.

Se o pagamento se realiza mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

Novena. Perda do dereito ao cobramento da subvención

Producirase a perda do dereito do Concello de Tordoia ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sen prexuízo de calquera outra cousa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixidas na cláusula sexta deste convenio.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión as seguintes:

